

IES. CARLOS CASARES

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE
XEOGRAFÍA E HISTORIA**

CURSO 2022-23

PROGRAMACIÓN DE 2º DA ESO.

1. SINAIS DE IDENTIDADE

Para o noso centro, o diagnóstico das potencialidades educativas do alumnado é unha acción prioritaria e, como tal, témola recollida no PEC.

Tamén consideramos moi importante a potenciación do espírito crítico, e creemos que a nosa materia, na que as opinións diferentes sobre os mesmos temas son tan frecuentes, axuda a desenvolvelo de xeito natural.

O coñecemento da nosa contorna e a valoración do noso patrimonio cultural no senso máis amplo, tamén son parte obrigada na nosa materia.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

- Comunicación lingüística (CCL). Para nós é fundamental que o alumnado saiba expresarse correctamente oralmente e na escrita. A nosa proba inicial trata de detectar dificultades nese eido e ao longo do curso tentamos melloralas facéndolles ler e comentar esas lecturas, así como elaborando exposicións dalgún tema, para que desenvolvan a súa expresión oral.
- Matemática, ciencia e tecnoloxía (CMCCT). De continuo analizaremos gráficas e relacións de datos numéricos; ademais valorarase a importancia de personaxes relevantes para a ciencia que van sendo citados nas clases.
- Competencia dixital (CD). O desenvolvemento das novas tecnoloxías faise necesario como medio de expresión e busca de información, coñecendo programas informáticos de tratamento dos textos, imaxes ou outros recursos dixitais.
- Competencias sociais e cívicas (CSC). O estudo das diferentes manifestacións artísticas é o estudo dos cambios sociais e culturais ao longo do tempo e predispón a unha actitude de tolerancia e respecto, así como a desenvolver unha actitude crítica ante as circunstancias sociais. A nosa materia é moi adecuada para facelo e insistiremos niso.
- Aprender a aprender (CAA). Aprendizaxe completo conseguido a base de actividades e tarefas diferentes para lograr que os estudantes adquiran as habilidades precisas e sexan conscientes do seu persoal protagonismo no proceso de aprendizaxe. As probas escritas terán preguntas que lles obrigarán a ler entendendo o que len, a saber definir adecuadamente conceptos e a expresarse correctamente cando teñen que desenvolver un tema extenso. Tamén imos traballar o comentario de mapas, gráficos e textos dun xeito sinxelo, non esquecendo a idade dos nenos e nenas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE). Presentaráselles estudos de caso ou situacións nas que terán que poñerse no lugar dos personaxes históricos e tomar

decisións. Por outra banda, á hora de elaborar traballos de investigación, valorarase moito a creatividade e iniciativa.

- Conciencia e expresións culturais (CCEC). É evidente a aportación da materia a esta competencia. Tentamos que o alumnado non só adquira coñecementos, senón que tamén aumente o seu interese e aprecio pola propia cultura e historia persoal, e queiran potenciar a súa sensibilidade.

3. OBXECTIVOS.

- Coñecer, ao nivel que corresponde a súa idade, os períodos históricos e as cuestións de xeografía humana que tocan neste curso, e aprender a usar a linguaxe propia da Xeografía e da Historia.
- Mellorar a expresión oral e escrita.
- Aumentar o interese por realidades que teñen o seu redor –barrio, cidade, patrimonio artístico do país, etc.- e as vexan co seu propio criterio, dun xeito activo e comprometido coa súa mellora.
- Saber comentar gráficos, datos e textos.
- Usar con normalidade, como se foran o bolígrafo ou o caderno, os medios informáticos.
- Mostrar interese por mellorar.
- Ter un comportamento correcto e respectuoso cos demais alumnos e alumnas, co profesor e coas instalacións e materiais do instituto.

4. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

O alumnado ten que ser capaz de:

- Comentar gráficos e textos dentro das súas posibilidades.
- Utilizar o ordenador e os programas máis sinxelos para buscar información e elaborar traballos.
- Expor tarefas en público.
- Localizar e situar no tempo e no espazo períodos, culturas, civilizacións e os acontecementos históricos máis destacados. Localizar eses mesmos espazos na actualidade.
- Identificar causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio, relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Coñecer os elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis salientables, contextualizándoas na súa época. Valorar a herdanza cultural e o patrimonio artístico como riqueza que debe ser conservada.
- Participar en debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na época medieval ou nos contidos xeográficos.
- Coñecer as características principais (económicas, sociais, políticas, relixiosas, artísticas e culturais) do período medieval.

- Recoñecer os principais exemplos das pegadas que deixaron os homes e mulleres medievais en Galicia.
- Coñecer as características máis salientables do medio físico de España e Galicia.
- Identificar as redes de cidades que se relacionan entre si en Europa, España e Galicia.
- Entender que a poboación non é algo estático, senón que sempre está en movemento e buscando o máximo benestar posible.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

O alumnado debería ser o motor do seu propio proceso de aprendizaxe. Xunto a eles, o profesorado convértese en guía que lles axuda e intenta sacar deles o máximo rendemento, segundo as súas potencialidades e intereses. Isto que se ten feito xa na Grecia clásica –e antes-hoxe parece un gran descubrimento. Nós intentaremos conciliar a aprendizaxe dos contidos dunhas materias cos intereses de nenos e nenas dunha idade moi curta.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

O libro de texto é fundamental para nós. Está razoablemente ben escrito e dispón de moitos e bos mapas, gráficos de diferentes tipos, series de datos, etc.

O canón de proxección e ordenador para proxectar audiovisuais e outros recursos visuais que temos na aula será un auxiliar importante.

Os estudantes tamén farán uso dun caderno persoal como instrumento de traballo diario.

7. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

A secuencia de cada un dos temas é uniforme e consta dos seguintes elementos:

1. Ao iniciar cada tema, presentación e experiencias previas.
2. Explicación do tema por parte da profesora con axuda dunha presentación dixital, facendo fincapé nos aspectos máis importantes e as relacións entre eles. Os alumnos poden en calquera momento expoñer as súas dúbidas ou comentarios.
3. Elaboración de actividades por parte dos estudantes, para reforzar o aprendido ou desenvolver algunha competencia.

Xeografía e Historia 2ºESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A historia				
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • l 	<p>Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixaldade Media). Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.</p>	<p>Descibir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.</p>	<p>Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos</p>	<p>CSC CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> • f • l • ñ 			<p>Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.</p>	<p>CSC CMCCT</p>

		Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	<p>Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.</p> <p>Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • f • h • l • n 	<p>Islam. Península Ibérica: invasión musulmá.</p> <p>Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.</p>	<p>Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.</p>	<p>Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.</p> <p>Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CMCCT</p> <p>CCL</p>

<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • l 	Feudalismo	Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l • n • ñ 	Reconquista e repoboación.	Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al- Andalus.	Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	CSC CCEC CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l • n • ñ 	Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.	Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	CSC
<ul style="list-style-type: none"> • l • h 		Comprender as	Describe	

<ul style="list-style-type: none"> • n • ñ 	Arte románica, gótica e islámica. O románico galego.	características e as funcións da arte na Idade Media.	características das artes románica, gótica e islámica.	CSC CCEC CCL
Bloque 2. O medio físico				
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • f • g • h 	Medio físico de España: relevo e hidrografía.	Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	<p>Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.</p> <hr/> <p>Describe as unidades do relevo coa axuda do mapa físico de España</p>	CAA CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • f • g • h 	Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.	Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	<p>Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego</p> <hr/> <p>Describe as unidades do relevo coa axuda do mapa físico de España</p>	CAA CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • f • g • h 			Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	

	<p>Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.</p>	<p>Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazoxeográfico español egalego.</p>	<p>Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.</p>	<p>C CAA CMCCT CD CCL</p>
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • f 	<p>Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.</p>	<p>Coñecer os principais Espazos naturais de España e de Galicia.</p>	<p>Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.</p>	<p>CAA CMCCT CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> • g • m • b • e • f • g • h • m • ñ 	<p>Medio natural e problemas ambientais en España.</p>	<p>Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.</p>	<p>Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</p>	<p>CAA CMCCT CD CCL</p>

Bloque 3. O espazo humano

<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f • g 	<p>Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.</p>	<p>Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. As pirámides de poboación.</p>	<p>Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.</p>	<p>CAA CMCCT CSC CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f • g • h 	<p>Poboación europea: distribución e evolución.</p>	<p>Analizar a poboación europea no relativo a súa distribución, evolución e dinámica, e as súas migracións e políticas de poboación.</p>	<p>Explica as características da poboación europea.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CSC • CD • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f 		<p>Analizar as</p>	<p>Explica a pirámide de poboación de</p>	

<ul style="list-style-type: none"> • g • h 	<p>Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.</p>	<p>características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.</p>	<p>España e das súas comunidades autónomas.</p> <hr/> <p>Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.</p>	<p>CAA</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p>
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f • g • h 	<p>Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.</p>	<p>Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios</p>	<p>Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. Analiza os problemas demográficos de Galicia.</p>	<p>CAA</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p>
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f • g • h 		<p>Sinala nun</p>	<p>Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.</p> <hr/> <p>Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades</p>	<p>CAA</p> <p>CMCCT</p>

	Proceso de urbanización no planeta	mapa mundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	CSC CD CCL
			Analizar a cidade coma un ecosistema que ten que ser sostible.	
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f • g • h 	A cidade e o proceso de urbanización europeo.	Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	Resume os elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	CAA CMCCT CSC
			Distingue os tipos de cidades do noso continente.	CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • f • g • h • ñ 	A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	CAA CMCCT CSC CD CCL

TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

1ª AVALIACIÓN

UD 1. O INICIO DA IDADE MEDIA. XERMANOS E BIZANTINOS

UD 2. O ISLAM

UD 3. A ALTA IDADE MEDIA. O INICIO DO FEUDALISMO

2ª AVALIACIÓN

UD 4. A PLENA IDADE MEDIA. O RENACEMENTO URBANO

UD 5. A BAIXA IDADE MEDIA. CRISE E RECUPERACIÓN

UD 6. A PENÍNSULA IBÉRICA ENTRE OS SÉCULOS VIII E XIII

3ª AVALIACIÓN

UD 7. O MEDIO FÍSICO E OS BIOCLIMAS DE ESPAÑA E DE GALICIA

UD 8. O ESPAZO HUMANO MUNDIAL. EUROPA, ESPAÑA E GALICIA

UD 9. UN MUNDO DE CIDADES. AS CIDADES EN EUROPA E EN ESPAÑA

8. AVALIACIÓN

8.1. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS.

O primeiro día, logo de explicarlle ao alumnado a importancia da nosa materia e como imos desenvolver o programa e valorar o seu traballo, pedímoslles que escriban, alo menos 15 liñas sobre calquera tema que eles elixan.

A avaliación inicial é diagnóstica e motivadora. O seu obxectivo é establecer o punto de partida e proporcionar información sobre a situación do alumnado. Permítenos fixar os obxectivos de aprendizaxe dunha maneira máis realista e operativa en función do diagnóstico realizado e saber que podemos pedir a cada quen.

É obvio que nunha única proba non seremos quen de captar todo o potencial e as circunstancias que rodean a os nosos alumnos, pero si que nos permite recoller información valiosa do alumnado: os seus intereses, motivacións, habilidades sociais, etc.

8.2. AVALIACIÓN CONTINUA.

Para a avaliación continua usaranse distintos procedementos e ferramentas:

- Probas escritas: realizarase unha proba escrita ao remate de cada UD que medirá os coñecementos teóricos e as destrezas adquiridas. No caso de que os alumnos non alcancen un 3 como mínimo na nota media das probas parciais terán que presentarse a unha proba global ao final de cada trimestre. As notas das probas escritas contribuirán ao 70% da nota final.

- Caderno de clase: entregarase á profesora unha vez por trimestre e valorarase co 10% da nota final de cada unha das tres avaliacións. Esta é unha forma concreta de valorar o traballo diario do alumno, así como o progreso ao longo do curso na competencia de “aprender a aprender”.

- Os traballos de investigación individuais ou colectivos, así como as actividades realizadas ao longo das sesións para ser presentadas de forma escrita ou oral, contribuirán ao 15% da nota final de cada avaliación. Valorarase a destreza nas técnicas de investigación histórica, a presentación escrita, a comunicación oral e o traballo cooperativo. Como norma xeral -e se non existe unha razón xustificada- os alumnos non poderán entregar os traballos ou tarefas encomendadas máis alá dunha semana a partir da data de entrega oficial, baixando proporcionalmente a nota cada día de entrega tarde. Pensamos que a puntualidade, a responsabilidade, o traballo ben feito e o respecto ao traballo dos demais son aspectos que teñen que ver coa adquisición de competencias para a vida, polo cal consideramos que son medidas adecuadas.

- Para rematar, a observación en clase aportará o último 5% da nota final, que servirá como complemento ao resto de instrumentos de avaliación e que valorará, principalmente, a participación e a actitude activa nas clases.

As actividades voluntarias (de reforzo e ampliación) poderán sumar á nota media de cada avaliación ata 1 punto máis.

No caso de que algún estudante non aprobe a avaliación na primeira convocatoria, terá que realizar un exame de recuperación. Este exame abranguerá os contidos das anteriores probas parciais, polo que a puntuación máxima que poderá alcanzar o alumno ou alumna no exame de recuperación será un 7.0. Se o exame supera un 3.0 se lle sumarán os puntos obtidos no resto de actividades de avaliación, non caso de que non perda por algúns dos motivos expostos no PEC o dereito a avaliación continua.

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final se dedicará a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Para os alumnos que non superaran algunha ou todas as avaliacións elaboraremos un breve informe de avaliación individualizado que nos orientará para o deseño das actividades de recuperación.

8.3. A AVALIACIÓN FINAL.

Unicamente terán que realizala aqueles alumnos que non superen algunha das tres avaliacións parciais do curso. Os criterios para puntuar a proba serán similares aos xa expostos para os exames de recuperación previstos en cada avaliación.

8.4.AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear situación que favoreceron a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				

Indicadores de logro da práctica docente

	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				

9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

A programación revisarase anualmente segundo os seguintes indicadores :

	1	2	3	4
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.				
Adecuación dos traballos e probas establecidas para a avaliación continua.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

9. RECUPERACIÓN DA MATERIA DE PRIMEIRO DA ESO.

O alumnado fará resumos dos temas do libro de texto de primeiro que irá presentando ao remate de cada trimestre. No mes de maio haberá un exame que o alumno fará podendo consultar os seus resumos.

PROGRAMACIÓN 4º ESO

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As Ciencias Sociais son unhas das áreas de coñecemento básicas da ESO.

Este é, por primeira vez ao longo da ESO, un curso monográfico de Historia. Abordamos a época contemporánea cunha necesaria introdución que describe o século XVIII e os principais trazos do Antigo Réxime.

Ao longo de 12 unidades didácticas preparamos aos alumnos para a súa participación consciente e responsable na vida cívica e política propia das democracias occidentais de comezos do século XXI.

Insistimos moito nas nocións de cambio e continuidade e de causalidade. Así, ao rematar a ESO, os alumnos teñen una visión completa e obxectiva do decurso histórico e poden valorar mellor o sistema institucional e político de España e de Europa.

2.-CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL):
 - Producir textos coherentes
 - Comprender as ideas principais dun texto
 - Definir conceptos básicos
 - Expoñer traballos oralmente
 - Participar en debates
- Matemática, ciencia e tecnoloxía (CMCCT):
 - Analizar gráficas e relacións de datos numéricos
 - Valorar a importancia dos científicos e dos avances da ciencia en relación cos cambios sociais
- Competencia dixital (CD):
 - Buscar e seleccionar información en medios dixitais
 - Usar programas informáticos de tratamento dos textos, imaxes ou audiovisuais
 - Consultar arquivos históricos dixitalizados e outras fontes de documentos e datos históricos dispoñibles na rede
- Aprender a aprender (AA):
 - Interpretar correctamente a información
 - Definir conceptos
 - Completar un cadro resumo
 - Completar un mapa conceptual
 - Elaborar comentarios de textos, gráficas ou obras de arte

- Competencias sociais e cívicas (CSC):

- Comprender as transformacións producidas polos seres humanos
 - Valorar os progresos en materia dos dereitos humanos acadados ao longo da historia contemporánea
 - Asumir unha actitude responsable en relación á protección deses dereitos que tanto constou conseguir
 - Recoñecer a importancia da tolerancia e do respecto as opinións dos demais nunha sociedade democrática
 - Dialogar e debater os temas tratados de forma respectuosa e reflexiva
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):
 - Coñecer a vida dalgúns personaxes históricos pioneiros nalgún campo
 - Elaborar traballos de investigación poñendo en xogo a iniciativa e a creatividade
 - Conciencia e expresións culturais (CCEC):
 - Comprender os códigos artísticos e os recursos expresivos
 - Coñecer as manifestacións artísticas máis destacadas da época contemporánea
 - Valorar o patrimonio artístico

3.- OBXECTIVOS

1. Repasar as características básicas do Antigo Réxime
2. Diferenciar as causas, desenvolvemento e consecuencias da Revolución Francesa
3. Distinguir o concepto, orixe e difusión da Primeira Revolución Industrial
4. Comprender a importancia histórica das Cortes de Cádiz e da Constitución de 1812
5. Estudar as causas e consecuencias da Primeira Guerra Mundial
6. Explicar as causas do ascenso dos totalitarismos
7. Analizar a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias
8. Coñecer e explicar a evolución da Guerra Civil Española
9. Estudar a división do mundo en bloques
10. Coñecer os principios básicos da Constitución de 1978

4.-SECUENCIA DE CONTIDOS

UD 1. O século XVIII. A época da Ilustración

UD 2. A era das revolucións políticas (1770-1871)

UD 3. A revolución industrial

- UD 4. España e Galicia. A crise do Antigo Réxime
- UD 5. O imperialismo e a Primeira Guerra Mundial
- UD 6. O período de entreguerras. A Segunda Guerra Mundial
- UD 7. España e Galicia. Restauración e Guerra Civil
- UD 8. A descolonización. Nova xeopolítica mundial (1945-1991)
- UD 9. España e Galicia: a ditadura de Franco
- UD 10. O mundo recente. Relacións e conflitos
- UD 11. O mundo recente. Globalización e diversidade
- UD 12. España e Galicia: Transición e Democracia

5.- TEMPORALIZACIÓN

- U.1- 9 horas
- U.2- 9 horas
- U.3- 9 horas
- U.4- 9 horas
- U.5- 9 horas
- U.6- 9 horas
- U.7- 9 horas
- U.8- 9 horas
- U.9- 9 horas
- U.10- 9 horas
- U.11- 9 horas
- U.12- 9 horas

6.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1- Situar no tempo e no espazo os períodos, feitos e procesos históricos
- 2-Identificar as causas e consecuencias dos feitos e procesos históricos

- 3-Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime
- 4-Identificar os trazos fundamentais das revolucións industrial liberal-burguesa
- 5-Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX
- 6-Characteriza e sitúa os grandes conflitos mundiais da 1º metade do século XX
- 7-Analiza os procesos de cambio desde a 2º metade do século XX
- 8-Identifica e caracteriza as etapas da evolución de España e de Galicia no século XX
- 9-Realizar traballos sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual
- 10-Realizar una investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente

7.-MÍNIMOS ESIXIBLES

- 1-Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos
- 2-Identificar causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos
- 3-Enumerar as transformacións que se producen en Europa no século XVIII
- 4-Identificar os trazos do proceso de industrialización e das revolucións liberais
- 5-Explicar as razón do poder político en Europa na 2º metade do século XIX
- 6-Identificar e caracterizar as etapas da evolución de España durante o século XX
- 7-Characterizar e situar no espazo e no tempo as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar no século XX
- 8-Characterizar as etapas económicas, sociais e políticas de Galicia no século XX
- 9-Uso, análise e comentario de distintas fontes para a Historia Contemporánea (Textos, mapas, fotografías, cine...)

8.-PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Poderán realizarse todo tipo de probas orais e escritas. Entre as orais escolleríamos a exposición dun tema, a resposta as cuestión propostas polo profesor, debates, etc. Entre as probas escritas destacamos as preguntas tipo test con respostas múltiples, as preguntas curtas, as preguntas-tema, as redaccións, as cuestión de relación de conceptos ou de conceptos e datas, os eixes cronolóxicos, a elaboración e comentario de mapas gráficos e esquemas, o comentario de imaxes e o comentario de fragmentos de películas.

9.-PROCEDIMENTOS DA AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase no mes de Setembro una proba oral ou escrita referida aos contidos do curso ou etapa anteriores que servirá para ter una idea aproximada dos coñecementos e destrezas previas dos alumnos.

10.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1-O 70% da nota total da avaliación corresponde ás probas escritas.

2-O 30% da nota total de avaliación avaliará aspectos prácticos (traballos en clase, en casa, elaboración de resumos ou esquemas na libreta, participación en clase, expresión escrita, ortografía). Para a competencia lingüística teranse moi en conta a ortografía e a madurez na forma de redactar.

3-Outros criterios que poden variar a estruturación porcentual da cualificación son:

- A) Intervencións reiteradas en clase e os traballos de carácter voluntario e tarefas sinxelas de investigación.
- B) As actividades obrigatorias non entregadas na data indicada sen motivo ou falta xustificada serán penalizadas segundo criterio do profesor, e en caso de estar incompleta ou non respondida na súa totalidade suporá una penalización menor que tamén se deixa a criterio do profesor, e non poderá supoñer, en ningún caso, o suspenso automático da avaliación.

4-En cada proba (exame) oral ou escrito debe figurar por escrito o valor ou puntuación de cada pregunta ou apartado.

5.-A nota final de Xuño será a media entre as tres avaliacións e será positiva cando o alumno obteña un 5 de media nas probas escritas, o traballo diario, o comportamento e a participación. Aplicarase ademais una nota media de 2 puntos sobre 10 para facer media cos demais exames de avaliación.

6-As probas finais de Xuño serán as mesmas para todos os alumnos do curso con independencia do número de profesores que impartan a materia.

11. SEGUIMIENTO E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA DE 3º PENDENTE.

O alumnado fará resumos dos temas do libro de texto de terceiro que irá presentando ao remate de cada trimestre. No mes de maio haberá un exame que o alumno fará podendo consultar os seus resumos.

12.-PROGRAMAS PARA ALUMNOS REPETIDORES

Poderanse elaborar, si é o caso, programas de avaliación personalizados para alumnos repetidores contando sempre coa colaboración do Departamento de Orientación do IES.

13.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- 1-Motivar aos estudantes
- 2-Utilizar presentacións dixitais, láminas e imaxes
- 3-Aproveitar a curiosidade natural dos rapaces
- 4-Traballar o espazo e a localización espacial a partir de mapas
- 5-Aproveitar noticias de prensa
- 6-Destacar as transformacións
- 7-Dedicar tempo a periodización histórica, a análise das etapas históricas e á cronoloxía
- 8-Destacar a importancia histórica dos sucesivos inventos
- 9-Visualizar imaxes de manifestacións artísticas
- 10-Utilizar o eixe cronolóxico e o mapa xeohistórico
- 11-Acudir á típica forma piramidal para explicar a organización social
- 12-Buscar a empatía dos alumnos á hora de explicar os aspectos máis relevantes da vida cotiá
- 13-Utilizar imaxes e reconstrucións para destacar o legado artístico
- 14-Destacar a importancia da relixión

14.-ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- Actividades de reforzo: para os rapaces con necesidades educativas especiais ou para quen o precise.
- Actividades de ampliación: para quen manifeste interese especial por algún tema ou para alumnos que teñan máis capacidades co resto.

15.-EDUCACIÓN EN VALORES

- 1-Toma de conciencia da fragilidade dos ecosistemas
- 2-Adoptar una actitude favorable ante o avance do coñecemento científico

- 3-Mostrar interese por coñecer a realidade social
- 4-Interese por coñecer modos de vida distintos dos propios
- 5-Rexeitamento do racismo, da intolerancia e da discriminación por razón de sexo
- 6-Tolerancia con outras formas de pensamento relixioso
- 7-Recoñecer a necesidade de conservación do patrimonio histórico
- 8-Valoración dos principios e institucións democráticos
- 9-Desenvolvemento de criterios de valoración e gozo estético
- 10-Curiosidade por coñecer aspectos do pasado
- 11-Disposición favorable á conservación do patrimonio arqueolóxico
- 12-Rexeitamento da escravitude

16.-CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Historia fácil para la ESO. AA.VV. Espasa. Madrid. 2009
- Historia breve del mundo contemporáneo. Comellas J.L.Rialp. Madrid. 1998
- Breve historia de España. García de Cortázar, F. Alianza editorial. Madrid 2005
- El mundo desde 1945. Paniagua, F.J.. Anaya. Madrid. 1993
- El siglo XX. Historia del mundo para jóvenes. Cairns, T. Akal/Cambrige. Madrid. 1992

17.-CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- El último mohicano. DVD
- El patriota. DVD
- Revolución Francesa. Vídeo. Planeta Agostini
- La lista de Schindler. DVD
- La guerra civil española. Siglo XX. VTF Multimedia

18.-CONTRIBUCIÓN AO PLANO DE CONVIVENCIA

- 1-Mostrar interese pola realidade social

2-Interese por coñecer modos de vida distintos dos propios

3-Rexeitamento do racismo, da intolerancia e da discriminación por razón de sexo

4-Tolerancia con outras formas de pensamento relixioso

5-Valoración dos principios e institucións democráticos

6-Rexeitamento da escravitude

19.-MATERIAIS DIDÁCTICOS

Libro de texto: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia. 4º ESO. Anaya

HISTORIA DE ESPAÑA.

1. OBXECTIVOS PARA O CURSO

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España.

Ademais, as competencias lingüística, plurilingüe, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de

sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

2. OBXECTIVOS DA MATERIA

O ensino da Historia de España en Bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Identificar e situar no tempo e no espazo os procesos, estruturas e acontecementos máis relevantes da historia de España, valorando as súas repercusións na configuración da España das autonomías.
2. Coñecer e comprender os procesos máis relevantes que configuran a historia española contemporánea, identificando as interrelacións entre feitos políticos, económicos, sociais e culturais, e analizando os antecedentes e factores que os conformaron.
3. Fomentar unha visión integradora da historia de España, que respecte e valore tanto os aspectos comúns como as particularidades e xere actitudes de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de España.
4. Situar o proceso histórico español nas súas coordenadas internacionais para explicar e comprender as súas implicacións e influencias mutuas para ser capaces de ter unha visión articulada e coherente da historia.
5. Identificar os cambios circunstanciais e os trazos permanentes do proceso histórico por encima dos feitos illados e dos protagonistas concretos, co fin de lograr unha visión global da historia.
6. Coñecer as normas básicas que regulan o noso ordenamento constitucional, promovendo tanto o compromiso individual e colectivo coas institucións democráticas como a toma de conciencia ante os problemas sociais, en especial os relacionados cos dereitos humanos.
7. Seleccionar e interpretar información procedente de fontes diversas, incluída a proporcionada polas tecnoloxías, e utilizala de forma crítica para a comprensión de procesos e feitos históricos.
8. Empregar con propiedade a terminoloxía e o vocabulario históricos e aplicar as técnicas elementais de comentario de textos e de interpretación de mapas, gráficos e outras fontes históricas.
9. Comprender a evolución histórica que se produciu en Galicia, as súas interaccións coa historia do país e a súa situación actual.

3. CARACTERÍSTICAS METODOLÓXICAS nas que se basean os distintos materiais postos a disposición do alumno e que orientarán a práctica educativa no aula son as seguintes:

- Acontecementos e procesos históricos expostos mediante a análise crítica e reflexivo das transformacións políticas, sociais, económicas, culturais, etc., experimentadas durante longos períodos de tempo.
- Organización dos contidos en torno á interdependencia e multicausalidade dos procesos históricos, lonxe de formulacións reduccionistas e/ou historicistas.
- Coñecemento dos fenómenos históricos para que os alumnos comprendan a globalidade e a complexidade das sociedades humanas, así como para que adquiran unha memoria histórica que lles permita o desenvolvemento de actitudes tolerantes e solidarias.
- Coñecemento histórico como instrumento privilexiado para fomentar nos alumnos os valores e as actitudes sociais en que basea o noso modelo socio-político, ao que non é alleo o sentido crítico e a defensa de comportamentos democráticos.
- Rigor conceptual, desenvolvemento harmónico e equilibrado de conceptos e de procedementos, presenza de abundantes documentos históricos e historiográficos, proposta de actividades de sínteses dos contidos da unidade, son algúns dos elementos que, integradamente, poderán servir aos alumnos para que analicen crítica e reflexivamente a realidade do pasado, única forma de que cheguen a comprender a sociedade actual.
- Equilibrio entre o desenvolvemento de contidos conceptuais e a aprendizaxe de técnicas de traballo histórico que permitan aos alumnos a ampliación autónoma dos seus coñecementos e a investigación histórica.
- Transformación da información adquirida mediante o uso de fontes históricas e historiográficas en diversos soportes (escritos, orais, procedentes das tecnoloxías da información e a comunicación...) en coñecemento.
- Desenvolvemento do hábito lector e mellora da súa expresión escrita e oral, grazas á lectura de documentos, ao manexo dun vocabulario histórico, á exposición de traballos, aos debates...

4. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A temporalidade marcada para o curso académico 2020-21 comprende un total de 94 sesións.

- **1º TRIMESTRE 34 SESIÓN**

-Da Prehistoria á Idade Moderna (15 set-30 out)

Dúas sesións- A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)

Tres sesións- A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)

Tres sesións- A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)

Dúas sesións- España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)

Dúas horas para proba escrita

-O século XIX (2 nov-21 dec)

Catro sesións -A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo

Cinco sesións -A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)

Catro sesións- A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)

Tres horas para probas escritas

- 2º TRIMESTRE 37 sesións

Catro sesións- Transformacións económicas e industrialización

Cinco sesións- A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)

Dez sesións- A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)

Quince sesións- A ditadura franquista (1939-1975)

Tres horas para probas escritas

- 3º TRIMESTRE 20/23 sesións

Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)

Cinco sesións- Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas.

Cinco sesións-. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia.

Cinco sesións- Gobiernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa

Cinco sesións para probas escritas.

Actividade complementaria, exames, recuperacións...

5 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, análises do proceso de ensino e da práctica docente. A avaliación concíbese e practica do seguinte xeito:

1. Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
2. Integradora, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

3. Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

4. Orientadora, dado que aporta ao alumno a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

5. Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.

Contémplanse tres modalidades:

1. Avaliación inicial. Proporciona datos achega do punto de partida de cada alumno, é unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

2. Avaliación formativa. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.

3. Avaliación sumativa. Establece os resultados ao final do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

6 . INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

1. Probas obxectivas.

2. Actitude positiva ou negativa dos alumnos: interese, compostura nas clases, atención, esforzo, participación, etc.

3. Expresión oral e escrita.: ortografía, sintaxe, presentación, claridade e orixinalidade.

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para cuantificar e cualificar os anteriores criterios de avaliación seguiranse os seguintes criterios de cualificación:

Probas escritas. Realizarase unha proba, polo menos, por trimestre, seguindo o modelo da ABAU.

Tratarase de cualificar a asimilación dos contidos conceptuais, a súa capacidade de relacionar, comparar ou sintetizar.

Debido a que a materia se acumula dunha avaliación á seguinte e o alumnado vai aprendendo o que se lle esixe e como, a ponderación será a seguinte: 1ª Avaliación 20%, 2ª Avaliación 30 %, e a Terceira Avaliación 50%. Para entendela ben: os exames van contando mais segundo avance o curso.

Debido a que os contidos da materia vanse incluíndo na avaliación seguinte, o alumnado fará todos os exames. Só non realizaran o último aqueles que xa teñan garantido o 9 ou 10 e non queiran facelo (avaliación porcentual e sumativa).

8. TEMARIO

BLOQUES	PREGUNTAS PARA DESENVOLVER	TERMOS PARA DEFINIR
Bloque 1: Prehistoria e Historia Antiga	<p>1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).</p> <p>2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)</p> <p>3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).</p> <p>4. A monarquía visigoda (organización política).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aula Regia • Bárbaros • Castro • Conventus • Economía predadora • Guerras cántabras • Megalitismo
Bloque 2: Historia Medieval	<p>5. Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).</p> <p>6. Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación).</p> <p>7. O Réxime feudal e a sociedade estamental.</p> <p>8. As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Carta de poboamento • Manso • Marca Hispánica • Mesta • Mozárabe • Presura • Taifas
Bloque 3: Séculos XVI-XVII Bloque 3: Séculos XVI-XVII	<p>9. A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).</p> <p>10. A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).</p> <p>11. A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real).</p> <p>12. O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal).</p> <p>13. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Converso • Gran Armada • Mourisco • Terzos • Unión de Armas • Valido • Xuntas do Reino de Galicia

	pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)	
Bloque 4: Século XVIII	<p>14. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht)</p> <p>15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.</p> <p>16. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>17. As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Antigo Réxime • Catastro de Ensenada • Decretos de Nova Planta • Despotismo Ilustrado • Motín de Esquilache • Paz de Utrecht • Regalismo borbónico
	COMPOSICIÓN DE TEXTO HISTÓRICO	TERMOS PARA DEFINIR
Bloques 5-8: Século XIX	<p>1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).</p> <p>2. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</p> <p>3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</p> <p>4. A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época).</p> <p>5. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.</p> <p>6. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).</p> <p>7. A Restauración (retorno da monarquía; constitución de 1876; e vida política)</p> <p>8. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.</p> <p>9. A reforma agraria liberal: as desamortizacións</p> <p>10. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.</p> <p>11. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Afrancesados • Abdicacións de Baiona • Caciquismo • Cantonalismo • Desamortización • Encasillado • Estatuto Real • Ludismo • Manifesto dos Persas • Manifesto de Sandhurst • Pragmática Sanción de 1830 • Pronunciamento • Pucheirazo • Rexeneracionismo • Sistema de quenda • Sufraxio censatario e universal • Tratado de Valençay • Unión Liberal
	<p>12. A crise da Restauración, a desarticulación do sistema canovista).</p> <p>13. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.</p> <p>14. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).</p> <p>15. O establecemento da II República</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Agrarismo • Bienio Negro • Brigadas Internacionais • CEDA • Contubernio de Munich • Desastre de Annual • Directorio Militar • Expediente Picasso

Bloques 9-12: Século XX	(forzas políticas e constitución de 1931). 16. As grandes reformas da República. 17. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional. 18. O franquismo: características e institucionalización. 19. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime. 20. O franquismo: política económica 21. A Transición: da agonía do franquismo á constitución de 1978. 22. A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE.	<ul style="list-style-type: none"> • FAI • FET das XONS • Fronte Popular • Lei para a Reforma Política • Lexión Cóndor • Nacional-catolicismo <ul style="list-style-type: none"> • Pacto de San Sebastián • Pactos da Moncloa <ul style="list-style-type: none"> • Plan de Estabilización • Plataxunta • Sanjurjada • Sección Feminina • Semana Tráxica • Sindicato vertical <ul style="list-style-type: none"> • UCD • Unión Patriótica
----------------------------------	--	---

- **No referido a competencias clave e estándares de aprendizaxe aplicarase o previsto nos documentos legais en vigor (copialos aquí pensamos que non ten sentido)**

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO .

PARA A AVALIACIÓN DUN EXAME

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO
PRECISIÓN NAS RESPOSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión	. Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.

- **Para nós vai ser fundamental o resultado dos exames da ABAU: se son bos, só haberá que matizar cousas; se son malos haberá que replantexalo todo.**
- **As indicacións obtidas dos documentos do Grupo de Traballo da CIUG serán moi tidas en conta para impartir a materia cun nivel de contidos e de esixencia que permitan ao alumnado conseguir boas cualificacións nesa proba.**

XEOGRAFÍA DE ESPAÑA

1.INTRODUCCIÓN.

A Xeografía estuda a configuración do espazo terrestre, froito do conxunto de relacións entre múltiples variables naturais e humanas. Concrétase nunha serie de paisaxes que sintetizan a complexidade das dinámicas ecoxeográficas e a pegada da ocupación humana ao longo da historia. É esta a que converte o espazo en territorio a través do poder político que o delimita con fronteiras e o organiza con infraestruturas. A comprensión desta organización é indispensable para poder intervir nela ou para contribuír á súa mellora.

Como disciplina académica, a xeografía proporciona destrezas asociadas á comprensión deste espazo organizado a diferentes escalas e dos diversos factores que inciden nel, recoñecendo as súas estruturas socio-económicas, o papel das decisións políticas e das diferentes posicións ideolóxicas ante distintos modelos de ocupación e ordenación do territorio. Deste xeito, esta materia perseguirá, non tanto formar profesionais da xeografía, como formar persoas integrantes da cidadanía que sexan quen de participar de forma responsable na toma individual e colectiva de decisións, desde posturas de solidariedade e de respecto á diversidade natural e social.

A materia parte das aprendizaxes adquiridas polo alumnado tanto nas anteriores etapas educativas coma na vida afectiva, familiar e social, para aprofundar no estudo do espazo español, integrado por diferentes realidades territoriais e inserto nos ámbitos europeo e mundial. Cómprese, xa que logo, abordar a análise xeográfica a distintas escalas. Desde os conceptos xerais, que permiten a comprensión da configuración e articulación dun espazo, ata a interpretación do territorio máis próximo, a xeografía emprega procedementos e técnicas características entre as que destacan as cartográficas.

Os contidos estrutúranse en seis bloques. As destrezas e procedementos propios da análise xeográfica constitúen os contidos comúns, que inclúen técnicas que facilitan o tratamento de datos e informacións, así como referencias a valores que formen o alumnado no rexeitamento das discriminacións e desigualdades e mais na disposición a participar activamente no contorno espacial e social no que vive. A secuencia de contidos específicos iníciase co estudo do medio físico e a súa diversidade, para seguir cos aspectos humanos: as actividades económicas, a poboación e a urbanización. Isto permite abordar a análise integral e sistémica das paisaxes e afrontar o concepto de rexionalización, analizando os criterios que subxacen no deseño das entidades territoriais, así coma as desigualdades entre estas e as medidas correctoras. Por último, abórdase a inserción de Galicia e de España nun contexto máis amplo, dentro do cal a Unión Europea é o marco de referencia clave, que se xa foi abordado sectorialmente en cada aspecto analizado, é agora obxecto dunha ollada integradora, necesaria nun mundo globalizado. Non obstante, poden existir outros xeitos de ordenamento dos contidos, sempre que se cumpran os principios de integración de variables que explican un espazo xeográfico.

1. OBXECTIVOS.

O ensino da xeografía no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender e explicar o territorio galego e español como un espazo dinámico, caracterizado polos contrastes e a complexidade territorial, resultado da interacción de decisións políticas e de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico.

2. Identificar e comprender as interrelacións das variables que interveñen na organización do territorio para analízalo e interpretalo criticamente, empregando con corrección tanto as técnicas como o vocabulario xeográfico e aplicándoo ao coñecemento do contorno.

3. Coñecer as características dos diferentes medios naturais existentes en Galicia e en España, identificando os trazos xeográficos que os definen, poñéndoo en relación cos espazos europeos e mundiais.

4. Comprender a distribución, estrutura e dinámica da poboación e analizar criticamente as situacións de desigualdade e discriminación socioeconómica, de xénero e étnico-cultural, e mais a súa pegada na configuración do territorio creando situacións de segregación espacial.

5. Analizar os distintos modos de explotación dos recursos, así como actividades produtivas e os seus impactos territoriais e ambientais, recoñecendo a interrelación entre o medio e os grupos humanos como xeradora de espazos xeográficos diferenciados.

6. Interesarse activamente pola calidade do medio natural, ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia e España no contexto europeo e mundial e dos problemas derivados de certas actuacións humanas, así como entender a necesidade de políticas de ordenación territorial, ambientais e de xestión de recursos acordes co desenvolvemento sostible.

7. Comprender as relacións que existen entre os territorios que integran España, e destes coa Unión Europea, desenvolvendo actitudes de coñecemento, aprecio e cooperación cara aos espazos próximos e afastados, superando os estereotipos e prexuízos.

8. Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo interrelacionado, no que coexisten procesos de uniformación da economía e de crecente desigualdade socioeconómica.

9. Comprender e analizar a realidade xeográfica galega, a súa diversidade interna, a inserción en España e Europa desde unha posición periférica e a relación co resto do mundo, marcadas historicamente pola emigración.

3. CONTIDOS.

Contidos comúns.

-Identificación e explicación multicausal da localización e distribución de procesos e fenómenos xeográficos e as súas implicacións.

-Busca, selección e tratamento de información relevante para o coñecemento xeográfico: fontes cartográficas, estatísticas, visuais, bibliográficas e procedentes das tecnoloxías da información e da comunicación, observación directa da realidade empregando as técnicas de traballo de campo.

-Dominio das técnicas cartográficas: lectura, interpretación e comunicación a través de planos e mapas. Manexo da escala e das diversas representacións gráficas.

-Comprensión das dinámicas ecoxeográficas: as interrelacións de variables na conformación do territorio. Técnicas de análise e interpretación das paisaxes.

-Participación en debates e traballos en grupo revisando e contrastando as ideas propias coas alleas, argumentando e empregando o vocabulario específico.

-Responsabilidade no uso dos recursos e valoración das pautas de comportamento individual e social respecto da protección e mellora do medio natural.

-Toma de conciencia e adopción dunha postura crítica fronte ás desigualdades e discriminacións socioeconómicas, étnico-culturais e de xénero e a súa plasmación no territorio.

-Elaboración de informes sobre algún problema ambiental ou social facendo propostas de mellora e empregando os conceptos con precisión e rigor.

Natureza e medio natural en España.

-España: situación dos seus territorios e implicacións xeográficas. Elementos de unidade e diversidade.

-A diversidade do medio físico: as grandes unidades morfoestruturais do relevo. O litoral. Climaxes e vexetación en Galicia e España. Hidrografía, problemas e xestión da auga.

-Dinámicas ecoxeográficas e grandes medios naturais en España. A diversidade interna galega.

-Riscos e problemas ambientais e a súa relación coa actividade humana. A política ambiental en Galicia e en España no contexto da Unión Europea.

Territorio e actividades económicas.

-Aproveitamento económico dos recursos: minaría, fontes de enerxía e recursos mariños. Políticas de desenvolvemento sustentable.

-Os espazos agrarios: factores, dinámicas recentes e procesos de transformación no marco europeo. O exemplo galego. As paisaxes agrarias.

-Os espazos industriais: unha distribución desequilibrada. Globalización, políticas de emprego e tendencias actuais na industria galega e española. As paisaxes industriais.

-Os espazos de servizos: diversidade interna e terciarización da economía española.

Redes de transporte e vertebración territorial: as conexións de Galicia co exterior. Os espazos turísticos: factores, tipoloxía e impacto. Os espazos comerciais e os fluxos de poboación.

Poboación e urbanización.

-A poboación: a súa distribución. A dinámica e políticas demográficas.

-Migracións. Do pasado emigratorio a un presente de inmigración. Fluxos migratorios, factores explicativos, consecuencias e políticas de inmigración.

-Estrutura da poboación: expectativas de futuro. A posición da muller respecto do mercado laboral e a súa plena integración social.

-Novas realidades e procesos de expansión urbanas: metropolización e cidade difusa.

O recente crecemento urbano e as súas implicacións territoriais. Estrutura e morfoloxía urbanas. Problemas, xestión e planeamento urbanos.

-O sistema urbano español: distribución e xerarquía. A especificidade galega: o papel das vilas. Permanencia e cambio no mundo rural.

A organización político-administrativa española, contrastes e políticas rexionais.

-O proceso de construción do estado español e o debate territorial. Diferentes criterios de rexionalización e organización político-administrativa actual. Outras entidades territoriais: comarcas e parroquias en Galicia.

-Os contrastes rexionais e intrarrexionais. Posición relativa no contexto europeo.

-As políticas rexionais e de cohesión na UE e o seu impacto en Galicia e en España.

As eurorrexións: Galicia-Norte de Portugal.

-A ordenación territorial como intervención global: concepto e situación en España. A ordenación territorial en Galicia.

España en Europa e no mundo.

-Contrastes físicos e socioeconómicos en Europa. Posición española na UE. A situación periférica de Galicia: o Arco Atlántico.

-Áreas xeoeconómicas e xeopolíticas mundiais. España nun mundo globalizado.

-Galicia no contexto mundial: a Galicia exterior. A particular relación con América Latina.

3. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Primeiro trimestre.

BLOQUE I: Contidos comúns. O obxectivo e o interese do estudo xeográfico:

Unidade introdutoria é durante todo o ano.

BLOQUE II. O medio natural de España: relevo, clima, diversidade hídrica e

Bioxeográfica

Segundo trimestre.

BLOQUE III. A poboación española, o sistema urbano e os contrastes rexionais en

España:

Terceiro trimestre.

BLOQUE IV.- BLOQUE V. Os sectores económicos.

España en Europa e no mundo.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1.Describir os trazos xerais do medio natural español, recoñecer e localizar a

diversidade de medios ecoxeográficos de Galicia e de España, identificando as variables e as relacións dinámicas que os configuran.

Mediante este criterio trátase de avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e localizar os principais medios ecoxeográficos en Galicia e en España e de explicalos desde un enfoque sistémico. Deberá avaliarse tamén a comprensión da orixinalidade das distintas paisaxes naturais, apreciando a súa riqueza e o seu carácter irrepetible.

2. Identificar e analizar os principais riscos e problemas ambientais que

Afectan a España, coñecendo as políticas que ao respecto se propoñen no ámbito estatal e internacional e mais aplicando este coñecemento ao estudo dun problema ambiental, identificando as súas causas, relacionándoas coa actividade humana e comprometéndose activamente na súa solución.

Trátase de comprobar se o alumnado analiza o impacto das accións humanas sobre o medio, valorando o grao de conservación ou destrución dun espazo concreto a partir da observación directa e do manexo de diferentes documentos xeográficos.

Valorarase, así mesmo, a toma de conciencia sobre o uso racional dos recursos, o respecto ao medio natural e o desenvolvemento sustentable, así como a importancia das medidas e políticas orientadas para tal fin, coñecendo os compromisos internacionais acadados para a conservación e recuperación do medio natural.

3. Caracterizar os diferentes espazos produtivos españois, identificando os factores de localización e de distribución, as tipoloxías resultantes, así como a súa dinámica recente e as tendencias actuais, tendo en conta os contextos europeo e mundial. Este criterio trata de avaliar a capacidade para situar e caracterizar os principais espazos agrarios, industriais e de servizos, cunha perspectiva dinámica que permita recoñecer os factores de cambio e a incidencia das actuacións políticas, en especial, da pertenza á Unión Europea. Tamén se terá en conta a comprensión dos fenómenos espaciais a que dan lugar as actividades económicas: identificación e análise de paisaxes, desequilibrios na distribución en Galicia e en España, relación e impacto en procesos territoriais. A análise detallada centrarase nalgún sector de marcada relevancia na economía galega.

4. Analizar a distribución, estrutura, dinámica e perspectivas da poboación

española egalega, valorando a importancia dos movementos migratorios e recoñecendo a segregación espacial derivada das situacións de inxustiza cara aos desfavorecidos economicamente, cara aos inmigrantes e cara ás mulleres.

Este criterio trata de avaliar a comprensión de conceptos demográficos básicos, a destreza no manexo e interpretación de distintas fontes e formas de representación gráfica. Deberase analizar a evolución da poboación española e galega e proxectala cara ao futuro, apreciando as consecuencias da estrutura demográfica e o papel que a inmigración ten na nosa sociedade, contextualizándoo no marco europeo e mundial. Teranse en conta as repercusións que os cambios na situación sociolaboral das mulleres e as políticas sociais tendentes á súa plena integración social en pé de igualdade teñen no movemento natural español e galego.

5. Analizar o proceso de urbanización español como o resultado da concorrencia de distintos axentes e intereses, así como de decisións políticas e técnicas, dando lugar a unha morfoloxía e estrutura determinada. Identificar o papel do sistema urbano na configuración do territorio.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado sabe relacionar o proceso de urbanización con outros de tipo socioeconómico e comprender o alcance que as novas pautas de crecemento urbano teñen no territorio español, dada a intensidade do proceso e as súas peculiaridades na etapa máis recente, a través dalgún exemplo de Galicia. Trátase tamén de valorar se identifica, a partir de planos e outras fontes, a estrutura e dinámica da cidade. Interesa igualmente que se comprenda a importancia da planificación urbana e a xestión democrática como mecanismos de contención dos procesos especulativos, o crecemento anárquico e a segregación espacial.

6. Comprender o papel da ocupación do territorio e das actividades económicas na conformación das grandes unidades paisaxísticas de Galicia e de España, localizándoas e identificando os seus elementos e dinámicas, tomando conciencia da necesidade de políticas globais de ordenación territorial.

Este criterio pretende comprobar a comprensión sistémica das paisaxes como síntese das dinámicas xeográficas. Avaliarase tamén o nivel de competencia para analizar criticamente os modelos de ocupación do territorio predominantes en Galicia e en

España, considerando a ordenación territorial como mecanismo para conciliar os distintos intereses e garantir o desenvolvemento sustentable e harmónico.

7. Analizar a organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais para percibir, mediante a utilización de distintos indicadores, a desigual distribución de riqueza e poboación entre as comunidades autónomas e no seu interior e mais valorando

as políticas españolas e europeas de corrección de desequilibrios rexionais e os mecanismos de organización e participación activa da cidadanía. Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende o territorio español como unha realidade xeográfica plural construída a través do tempo e organizada na actualidade en distintos espazos político-administrativos. Avaliarase a súa identificación e localización, así como a comprensión dos efectos espaciais derivados desta organización administrativa. Trátase tamén de comprobar a capacidade para analizar as diferenzas e desequilibrios entre as comunidades autónomas, mostrando coñecemento das políticas de cohesión e

a

súa incidencia en Galicia e mais competencia para a participación activa e autónoma na sociedade civil.

8. Identificar as características do sistema mundo e os trazos básicos da Unión Europea para comprender os factores que explican a inserción de España nunha área xoeconómica e xepolítica determinada e as súas consecuencias espaciais, atendendo de xeito especial as que afectan a Galicia e o seu papel nas políticas transfronteirizas. Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende como afecta a globalización ao territorio español. Será especialmente importante que este coñecemento abrangaa comprensión das repercusións da pertenza á Unión Europea, así como a relación con outras áreas xoeconómicas, evidenciando o proceso de universalización do espazo xeográfico, afectado por problemas comúns e con centros de decisión supranacionais.

9. Obter, seleccionar e utilizar información xeográfica de fontes variadas (o propio contorno, cartográficas, estatísticas, textos e imaxes, tecnoloxías da información e comunicación) para interpretar a realidade xeográfica, empregando na súa comunicación un vocabulario específico e as técnicas gráficas e cartográficas. Con este criterio preténdese comprobar que se adquiriron as competencias necesarias para a

abstracción do espazo e destreza no manexo de distintas fontes de información, entre asque deben figurar con especial relevancia as cartográficas, as achegadas polas

tecnoloxías da información e da comunicación e a observación directa ou en imaxes.

Deberán interpretarse, relacionándoas cos coñecementos aprendidos, empregando as técnicas gráficas oportunas.

10. Realizar saídas ao contorno e traballos de campo, formular cuestión ou problemas sobre a área de estudo, recoller directamente a información e elaborar e presentar un informe estruturado utilizando un vocabulario xeográfico correcto. Este criterio trata de avaliar en que medida o alumnado é quen de participar na planificación e realizar un traballo de indagación sobre o terreo. Trátase de avaliar especialmente a aplicación dos conceptos, técnicas e destrezas da xeografía á análise e interpretación da realidade próxima.

5. MÍNIMOS ESIXIBLES:

Natureza e medio ambiente en España

Os coñecementos básicos que o alumnado ha de ter no que respecta a este bloque sonos relativos á diversidade da natureza en España así como ás paisaxes naturais resultantes de devandita diversidade, e as repercusións ambientais consecuencia das actuacións humanas, o que supón comprender a relación dos diferentes factores. O alumnado ha de coñecer a evolución xeolóxica e as consecuencias deste proceso, tales como as variedades litolóxicas, as formas do relevo ou as grandes unidades morfoestruturais, entre outras. Debe coñecer, así mesmo, os factores de todo tipo que explican os dominios climáticos de España, do mesmo xeito que a diversidade das cuncas hidrográficas e dos réximes fluviais, relacionándoos cos elementos do relevo e cos trazos climáticos. No referente á diversidade hídrica é necesario coñecer o relativo ás políticas das augas. A diversidade bioxeográfica é outro dos contidos deste bloque, e deberase facer fincapé nos factores de diversidade, nos tipos de paisaxes vexetais resultantes e na composición e valoración do solo. Como síntese do anterior, o alumnado debe saber interpretar as paisaxes, así como ter coñecementos sobre as consecuencias da acción humana sobre o medio ambiente e as respostas e solución para a sustentabilidade ambiental. Ha de coñecer as figuras de protección ambiental e o patrimonio natural de España, particularizando o relativo a Galicia.

Territorio e actividades económicas

Neste bloque trátase de que o alumnado coñeza a estrutura económica de España e saiba relacionala cos factores ambientais, sociais, históricos ou políticos explicativos desta. Así mesmo, debe saber interpretar as paisaxes resultantes da actividade económica (agrarios, industriais, de servizos, turísticos etc.). Hase de coñecer os cambios e permanencias no sector primario, tendo en conta as transformacións recentes na actividade agraria, na gandería, a pesca e a explotación forestal, e a súa relación coas políticas da Unión Europea, así como as diferentes paisaxes agrarias españolas froito destes procesos. Así mesmo son fundamentais os coñecementos relativos á pesca e aos espazos pesqueiros. En canto ao sector industrial, deberán coñecerse procesos e factores da industrialización española, os contrastes no tecido industrial e a situación actual da industria, así como o relativo ao sector enerxético, coa diversidade de fontes de enerxía. A terciarización da economía española é outro dos procesos que debe coñecerse, incidindo en aspectos tales como o dos espazos de consumo, a organización espacial dos servizos financeiros, os transportes e as comunicacións e o seu papel na vertebración territorial, e os espazos turísticos (proceso de desenvolvemento, paisaxes, impactos e políticas de ordenación). En todos os casos, teranse en conta os impactos ambientais xerados pola actividade económica.

Poboación e urbanización

En relación a este bloque de coñecemento o alumnado deberá coñecer os principais trazos da poboación de España e os cambios recentes canto a dinámica, estrutura ou distribución. Polo tanto ha de saber analizar e interpretar a dinámica demográfica, o movemento natural e a mobilidade espacial da poboación facendo fincapé nos cambios recentes en España relativos á emigración e inmigración; así mesmo hase de saber analizar e interpretar a estrutura demográfica en relación ao sexo, á idade e á actividade económica. Por outra banda hase de coñecer o proceso de urbanización en España, o fenómeno urbano, incidindo nos distintos tipos de cidades ao longo deste, nas transformacións na morfoloxía das cidades e no impacto ambiental da

urbanización. Particularizarase en Galicia, sobre todo nos aspectos cunha maior singularidade no devandito territorio, tanto na dinámica demográfica como no sistema de poboamento e na rede e xerarquía urbanas.

A organización político-administrativa española, contrastes e políticas rexionais
No referente a este bloque trátase de que o alumnado coñeza o proceso histórico da organización territorial do Estado español, e o actual sistema das comunidades autónomas; os contrastes e desequilibrios territoriais e as políticas rexionais. Incidirase nas particularidades de Galicia canto á súa ordenación territorial así como na súa posición no territorio español e a incidencia das políticas rexionais.

España en Europa e no Mundo

Neste bloque trátase de que o alumnado coñeza o concepto de globalización mundial, o significado da Unión Europea e a posición e o papel de España no mundo globalizado, en xeral, e na Unión Europea en particular. Hase de incidir nos seguintes contidos: en primeiro lugar, nos procesos de mundialización, nas desigualdades territoriais e no novo escenario xeopolítico; en segundo lugar, na posición de España no espazo mundial, e particularmente na de Galicia; en terceiro lugar, na Unión Europea: natureza e contrastes físicos, proceso de construción, estrutura e políticas comunitarias; e en cuarto, na situación de España na UE, incidencia da aplicación das políticas comunitarias, e o caso concreto de Galicia.

O bloque de contidos comúns é un tema transversal que fai referencia ás destrezas e habilidades que ha de ter o alumnado na súa preparación xeográfica e que cabe resumir nas seguintes: identificar e explicar a localización e distribución dos fenómenos xeográficos e as súas implicacións; coñecer as fontes de información propias da xeografía; ler e interpretar mapas e planos; analizar e interpretar as paisaxes resultantes da relación de diferentes variables; ou coñecer e utilizar a linguaxe xeográfica. En función destas esixencias establecemos os materiais que o alumnado ha de saber traballar, estruturándoos por bloques de coñecemento.

Natureza e medio ambiente en España

Ler, analizar e interpretar perfís, mapas temáticos do relevo, da litoloxía, de

solos, climáticos, de formacións vexetais, de concas e vertentes hidrográficas.

Analizar mapas sinópticos de superficie, identificando os centros de acción e as fronteiras, e facendo un comentario do tipo de tempo.

Comentar climogramas analizando os réximes térmicos e pluviométricos e, en función destes, o dominio climático representado.

Analizar e comentar gráficos de réximes fluviais para relacionar as variacións estacionais co sistema de alimentación da conca.

Territorio e actividades económicas

Ler, describir e explicar mapas temáticos de distribución de usos do solo, de variables socioeconómicas, de localización de actividades ou de fluxos.

Analizar datos a partir da información presentada en táboas estatísticas ou en gráficos, para explicar a evolución, a situación das distintas actividades económicas e as consecuencias territoriais.

Comentar textos relacionados con cuestións actuais relativas aos sectores produtivos, aos cambios recentes e aos seus impactos sobre o territorio, e comentar paisaxes das actividades económicas no territorio.

Poboación e urbanización

Gráficos lineais que representen a evolución da poboación, do movemento natural e doutros aspectos demográficos.

Pirámides de poboación para analizar a estrutura demográfica, os factores que explican a devandita estrutura e as consecuencias que poidan derivarse.

Mapas temáticos onde se reflicta a situación das diferentes variables demográficas; trátase de ler, interpretar e comentar a distribución da variable cartografada, os factores explicativos, os contrastes e as consecuencias.

Mapas de fluxos sobre mobilidade humana.

Planos urbanos, para comentar aspectos tales como o proceso urbanizador en España ou a estrutura das cidades.

Mapas de nodos e redes para comentar o sistema urbano, as relacións interurbanas e as xerarquías urbanas.

A organización político-administrativa española, contrastes e políticas rexionais.

Mapas históricos de España que reflectan os cambios na división político-organizativa.

Mapas coas diferentes divisións político-administrativas.

Mapas temáticos a escala de comunidade autónoma onde se reflectan a diversidade territorial en función de variables económicas, sociais ou ambientais. Gráficos e táboas de datos estatísticos que reflectan a diversidade territorial socioeconómica ou ambiental e as transformacións, e sobre a mundialización e os desequilibrios.

España en Europa e no Mundo

Mapas físicos de Europa para que se analicen e comenten os aspectos relativos á diversidade xeográfica do continente e se contextualice España.

Mapas que reflectan o proceso de construción da Unión Europea.

Mapas temáticos que reflectan a diversidade territorial da UE.

Gráficos e táboas de datos estatísticos que reflectan a diversidade territorial socioeconómica ou ambiental.

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

A xeografía no bacharelato debe proporcionarlle ao alumnado as claves interpretativas para abordar a complexidade dos procesos territoriais, facilitando así a comprensión do espazo xeográfico. Algunhas liñas metodolóxicas, con carácter xeral e aberto, serán:

-Selección e interpretación de información de diversas fontes, favorecendo a transformación do coñecemento cotián en escolar para construír as explicacións que lle dean coherencia e permitan elaborar un discurso argumentado que cumpra cos requisitos que caracterizan as ciencias sociais.

-Análise de problemas sociais e ambientais relevantes, facilitando a conceptualización teórica por parte do alumnado e permitíndolle unha mellor comprensión do mundo .

-Potenciar a comprensión da multicausalidade, de maneira que o alumnado se achegue á complexidade da realidade xeográfica.

-Utilización de técnicas básicas de análise de paisaxes como síntese da realidade xeográfica e plasmación das dinámicas ecoxeográficas, axudando a comprensión e

contextualización dos procesos espaciais, en particular, aqueles decisivos na conformación territorial de Galicia e España.

-Fomento do traballo colaborativo e grupal, estimulando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.

-Análise do contorno, non só como un fin en si mesmo, senón, e sobre todo, como medio para reflexionar sobre os elementos que conforman o territorio, as súas interaccións e dinámicas, de xeito que se adquira a capacidade de abstracción espacial e técnicas de análise aplicables a outros espazos distintos e distantes.

-Saídas didácticas e o traballo de campo como medio de achegamento directo a unha realidade xeográfica específica.

-Enfoque interdisciplinar, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia.

Presentación da información de diferentes linguaxes que inclúan os aspectos cartográfico, icónico, estatístico e verbal.

-Impulsar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento para traballar a análise espacial, aproveitando en particular a potencialidade que ofrecen en canto a manexo crítico de diversas fontes; xestión de datos estatísticos; cartografía e fotointerpretación.

CINE

1. O CINE PARA A HISTORIA

Os docentes recoñecen cada vez máis, a necesidade dun uso pluridisciplinar dos materiais curriculares. No estudo das Ciencias Sociais e da Historia en particular, o cine é hoxe día uno destes imprescindible materiais curriculares.

O cine constitúe un magnífico recurso para achegarse ao coñecemento da Historia. Permite dar forma a aquilo que estudamos en teoría e recrea como ningún aspecto como a paisaxe, a vestimenta ou o carácter dos personaxes, algo xeralmente difícil de entender a través do exclusivo traballo académico. No entanto, non todo o que se produce é idóneo axuda a entender a Historia pois frecuentemente o que se narra no celuloide nada ou pouco ten que ver coa realidade e máis que ilustrar deforma a percepción sobre un período ou feito concreto. Exemplos palmarios de mal cine histórico atopámoslos nas grandes superproduccións do cine americano de Hollywood, onde o espectáculo mal entendido prima sobre a verdade. Sen ir máis lonxe, coñecidos filmes como "Alejandro Magno" ou "Troya" inventan situacións, acontecementos e personaxes en aras dunha espuria distracción que merma o interese do que no seu día foi na realidade moito máis excitante e apaixonante que o imaxinado pola calenturienta mente dun mal guionista.

Exemplos de bo cine histórico ou cun tratamento acorde coa historia na recreación de ambientes e situacións, atoparémolos no cine británico e francés.

As películas que pretendemos ver non pretenden en absoluto ser rigorosas desde o punto de vista histórico, pero foron seleccionadas por dous motivos: o interese que poden suscitar no alumnado ao que van dirixidas (con idades comprendidas entre os 16 e 18 anos) e o seu fácil localización nos circuítos comerciais. Quedan xa que logo fose filmes que, aínda posuíndo maior calidade artística e rigor, ou ben non son o suficientemente suxerintes ou ben son difíciles de conseguir.

O cine é un medio de comunicación, e xa que logo é necesario interpretar os seus resultados para descubrir que é o que nos queren comunicar. Unha película componse de miles de elementos diferentes que no seu conxunto, forman unha narración con

posibilidades de variados comentarios. Como todo relato, unha película utiliza técnicas que hai que coñecer, descubrir e interpretar para que as mensaxes cheguen a nós da forma máis parecida a como quen realizaron a película pretendérono.

Por iso unha película non basta con vela. Hai que analizala con ollo crítico co fin de formarnos tanto na comprensión do cine como contador de historias, como transmisor de valores e portador de arte e de coñecementos.

No cine, danse moitas e moi características formas de contar as historias. A maioría delas teñen que ver tanto co argumento como co xeito de situar os planos, de mover a cámara, do son, da actuación dos protagonistas, e de moitos outros factores, que non soamente che van a indicar cal é a mensaxe da película ou de cada secuencia, senón que ademais vanche a ensinar a que cando vaias ao cine atópeslle maior sentido.

2. ¿QUE PRETENDEMOS?

- Analizar o cine como arte, técnica e medio de comunicación.
- Analizar películas para apreciar a súa narración e linguaxe.
- Valorar unha película desde un punto de vista obxectivo.
- Valorar unha película desde a propia opinión do espectador.
- Interpretar o cine desde a óptica da historia do século XX.
- Aumentar o desexo por ir ao cine.

¿Que sabemos?

- Por que vas ao cine?
- Que películas gústanche máis?
- Comentas as películas cos teus amigos?
- Enumera dúas películas que se baseen nunha novela.
- Cita varios actores e actrices aos que che gustaría parecerche nalgún papel que interpretan.

3.OBXECTIVOS

- Describir criticamente o argumento dunha película.
- Comparar películas coa obra literaria.
- Realizar a ficha técnica dunha película, en relación con elementos técnicos, as súas

mensaxes e o seu estilo narrativo.

- Analizar a linguaxe cinematográfica en relación coa mensaxe.
- Detectar trucos e efectos especiais.
- Analizar a mensaxe dunha película.

Procedementos

Distinción entre o que se ve e o que se interpreta.

- Análise da narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.
- División da película en unidades narrativas.
- Partición da película en mensaxes.
- Identificación do papel de cada personaxe.
- Comparación entre diversos xéneros cinematográficos.
- Debuxo dun mapa de conceptos da narración dunha película.

Criterios de avaliación

- Opinión sobre actuacións dos personaxes.
 - Crítica sobre os valores e actitudes que propón unha película.
- Comparación entre o que suscita unha película e a nosa realidade.
- Diferenza entre o que se expón nunha película e o que opinamos.
 - Xuízo sobre como houbera enfocado o tema da película. - Interese por aprender a ver o cine criticamente.

Mapa conceptual . Organización das actividades de comprobación de coñecementos

- Analizar unha película
- Introducir e ver a película
- Diferenciar as partes dunha película - Elementos obxectivos
- Elementos subxectivos.
- Interpretar
- Valoración da película
- Sacar conclusións en grupo

Analiza tecnicamente unha película

Con esta actividade preténdese que aprendas o que é unha ficha técnica dunha película, en relación con elementos técnicos, as súas mensaxes e o seu estilo

narrativo.

1. Fai unha ficha técnica dunha película

-Director

-Produtor

-Actores principais

-Director de fotografía

- Ano en que se filmou

-Si gañou algún premio

-Autor de música.

-Outros datos que atopas de interese.

2. Análise de linguaxe cinematográfica:

Da película que viches nomea e explica algúns:

-Tipos de planos

-Movementos de cámara

-Valora a interpretación dos actores. Describe que che pareceu

-Comenta a música que máis che gustou. Si podes conseguir a banda sonora, escóitaa. -Describe as técnicas de montaxe utilizadas.

3. Análise dos valores que se presentan

-Fai un xuízo sobre o argumento, sobre os aspectos sociais positivos e negativos.

-Como actúan os personaxes?

-Que cambiarías das súas actuacións?

4. Análise da estética da película

- Valora si está ben expresada a idea central

-Si a narración é correcta

- Si a estrutura musical é adecuada.

- Busca trucos e efectos especiais e documéntate ou imaxínache como se puideron lograr.

5. Análise do xénero ao que pertence a película.

- Fai unha lista de películas do mesmo xénero.

-Compáraas coa que elixiches.

- Enxuíza as súas semellanzas e diferenzas.

Analizar a mensaxe dunha película

Nunha película, chámase «mensaxe», á idea ou ideas que a través dos diálogos, da narrativa cinematográfica, da música, suponse que os responsables-emisores da película quixeron transmitir aos espectadores-receptores.

1. Toma como punto de partida unha película.
2. Reflexiona sobre as ideas principais.
3. Fai un mapa conceptual, ou un gráfico, no que se reflecta o contido temático da película. Normalmente pode haber varias historias paralelas que conflúen en certos momentos. Veralo mellor si fas o gráfico.
4. Elixé, si é posible mediante debate co teu grupo, a idea central que se pretende transmitir.
5. Expresa como influíron, reforzando ou limitando, os elementos técnicos (encadres, planos, música...), para presentar mellor ou peor a idea central.
6. Influír en algo a película? Ensinouche algo?. Ten que ver a película con algún contido dos teus estudos ou da túa vida familiar ou privada? Veste reflectido nalgún personaxe da película? En todos os casos, razoa e explica a túa resposta.
7. Fai un comentario da frase: «O autor da película lanza valoracións, opinións e actitudes dunha forma consciente, aínda que cheguen a nós dun xeito inconsciente.»

4.OBXECTIVOS DOCENTES ESPECÍFICOS

-Dar a coñecer ao alumno unha visión xeral da historia do cine desde un enfoque histórico-estético ao estar concibida como materia específica do itinerario de Humanidades e Ciencias Sociais

-Estudar os compoñentes que integran o proceso fílmico -guión, dirección artística, dirección técnica, escenografía, etc., así como os sistemas de produción, distribución e exhibición das películas. -Examinar a evolución expresiva e artística das correntes máis significativas da historia do cine partindo dunha armazón cronolóxica con especial énfase nas tendencias cinematográficas que aporten maiores novidades no

desenvolvemento cinematográfico así como a autores individuais integrados dentro das etapas referidas.

-Familiarizar ao alumno coa terminoloxía cinematográfica e proporcionar os elementos necesarios para realizar unha análise crítica e rigoroso do universo fílmico.

-Incitar á investigación dentro deste campo que pode analizarse desde distintos ámbitos debido ao carácter interdisciplinar da materia.

5. CONTIDOS DA MATERIA.

Tratarase de proxectar tres películas de cine histórico por trimestre.

6. SISTEMAS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Exame e achegas prácticas

O exame de avaliación constará dun comentario crítico dunha película de cine histórico proposta polo profesor entre as visionadas no trimestre.

Valorarase a participación activa do alumno en clase, tanto nas teóricas como nas prácticas e debates, aportando ideas, temas de discusión e respondendo ás propostas do profesor.

Os traballos serán tutelados polo profesor e serán tidos en conta na avaliación da materia.